



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA
Dirección Xeral da Función Pública



**Proceso selectivo para o ingreso no corpo superior
da Xunta de Galicia (subgrupo A1),
escala superior de estatísticos**

**Primeiro exercicio
(promoción interna)**

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1 No diagrama de Lexis:

- A) O eixe de abscisas representa o tempo cronolóxico e o eixe de ordenadas o tempo como duración
- B) O eixe de abscisas representa o tempo como duración e o eixe de ordenadas o tempo cronolóxico
- C) O eixe de abscisas representa a liña de vida e o eixe de ordenadas o tempo como duración
- D) O eixe de abscisas representa a liña de vida e o eixe de ordenadas o tempo cronolóxico

2 Sexan $D(x, x+1)$ o número de falecidos no ano cunha idade comprendida entre x e $x+1$, $N(x)$ o número de persoas que nese ano tiñan unha idade x e $P(x)$ o número de persoas de idade x a 1 de xullo dese ano, entón a

relación entre a probabilidade de morte á idade x , $q_x = \frac{D(x, x+1)}{N(x)}$, e a taxa

de mortalidade a esa idade x , $t_x = \frac{D(x, x+1)}{P(x)}$, baixo a hipótese de reparto

uniforme das mortes acaecidas ao longo do ano, é:

- A) $t_x = \frac{2q_x}{2 + q_x}$
- B) $t_x = \frac{2q_x}{2 - q_x}$
- C) $t_x = \frac{q_x}{1 + q_x}$
- D) $t_x = \frac{2q_x}{1 - q_x}$

3 O método de Reed e Merrell relaciona taxas específicas de mortalidade e probabilidades de morte mediante

- A) Unha distribución exponencial
- B) Unha constante
- C) Unha recta de regresión
- D) Unha distribución normal

4 ¿Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) O saldo migratorio é igual ao número de emigrantes menos o número de inmigrantes
- B) A taxa bruta de emigración no ano t presenta no denominador a poboación a 31 de decembro do dito ano
- C) No índice de atracción ou taxa de inmigración a poboación sometida a risco non está representada no denominador
- D) O saldo migratorio é igual ao crecemento natural menos o crecemento vexetativo

5 A diferenza entre a taxa bruta de natalidade e a taxa bruta de mortalidade denomínase:

- A) Taxa de crecemento da poboación
- B) Saldo vexetativo
- C) Taxa de crecemento natural
- D) Ningunha das anteriores

6 ¿En cal destes casos diminuiría o tamaño medio do fogar dun territorio?

- A) Falecemento dunha persoa que vivía soa
- B) Persoa que vivía soa vai vivir a un establecemento colectivo
- C) Home que vivía cos pais vai vivir en parella cunha muller que vivía soa
- D) Ningún dos anteriores

7 O modelo demográfico LIPRO é:

- A) Un modelo de proxección de poboación
- B) Un modelo de proxección de fogares
- C) Un modelo de mortalidade
- D) Un modelo indirecto de migración

8 ¿Cal destas estatísticas non se realiza a partir do mesmo boletín estatístico cás outras tres?

- A) Defuncións
- B) Mortes fetais tardías
- C) Nacementos
- D) Partos

9 Indique cal das seguintes afirmacións non é correcta. Unha desvantaxe do uso de rexistros administrativos para a realización de estatísticas é

- A) A falta de correspondencia entre as unidades administrativas e as estatísticas
- B) Normalmente existen diferenzas entres as definicións das variables
- C) Un único rexistro non adoita satisfacer todos os requirimentos dunha operación estatística
- D) Os erros de mostraxe son máis elevados

10 A estrutura da CNED-2000 está constituída por:

- A) Un primeiro nivel formado por partidas identificadas mediante un código alfabético dunha letra (categorías) e un segundo nivel formado por partidas identificadas mediante un código de dous números (grupos)
- B) Un primeiro nivel formado por partidas identificadas mediante un código alfabético dunha letra (grupos) e un segundo nivel formado por partidas identificadas mediante un código de dous números (categorías)
- C) Un primeiro nivel formado por partidas identificadas mediante un código dun número (categorías) e un segundo nivel formado por partidas identificadas mediante un código de dous números (grupos)
- D) Un primeiro nivel formado por partidas identificadas mediante un código dun número (grupos) e un segundo nivel formado por partidas identificadas mediante un código de dous números (categorías)

11 En España, na Nomenclatura de unidades territoriais para estatísticas (NUTS):

- A) NUTS 0 correspóndese con país, NUTS 2 con comunidade autónoma e NUTS 3 con provincia
- B) NUTS 1 correspóndese con país, NUTS 2 con comunidade autónoma e NUTS 3 con provincia
- C) NUTS 1 correspóndese con comunidade autónoma, NUTS 2 con provincia e NUTS 3 con concello
- D) NUTS 0 correspóndese con país, NUTS 1 con comunidade autónoma e NUTS 2 con provincia

12 Indique cal das seguintes clasificacións se revisa anualmente

- A) Nomenclatura combinada
- B) Clasificación nacional de actividades económicas
- C) Clasificación nacional de ocupacións
- D) Clasificación nacional de educación

13 Sinala cal destas afirmacións é falsa

- A) Dentro das aplicacións específicas do Sistema Europeo de Contas (SEC) atópase a de proporcionar información para a concesión de axudas financeiras ás rexións da Unión Europea
- B) Os conceptos SEC non son compatibles a escala internacional xa que fóra da Unión Europea utilízase como marco metodolóxico o Sistema de Contas Nacionais de Nacións Unidas
- C) O SEC constitúe un marco para elaborar análises e para avaliar elementos como a estrutura e a evolución da economía, o papel das Administracións públicas ou realizar comparacións entre economías
- D) O SEC apróbase por Regulamento da Comisión Europea e consta dunha metodoloxía e dun programa que establece os prazos para a transmisión por parte dos Estados membros á oficina estatística da Comisión Europea das Contas e táboas que deben compilarse consonte á metodoloxía

14 Sinala cal destas afirmacións é verdadeira

- A) Unha UAE local pode pertencer a dúas unidades institucionais diferentes se ten dúas unidades de produción homoxénea
- B) Unha rama de actividade consiste nun grupo de UAE locais que desenvolven unha actividade económica idéntica ou similar consistente na produción de bens e servizos de mercado
- C) Unha rama de actividade consiste nun grupo de unidades de produción homoxénea que desenvolven unha actividade económica idéntica ou similar
- D) As ramas homoxéneas son unidades deseñadas para a análise económica, normalmente non poden observarse de forma directa e proveñen dunha reorganización de datos obtidos de enquisas estatísticas

15 ¿Cal dos seguintes conceptos ou partidas deben considerarse un consumo intermedio?

- A) Bens e servizos recibidos doutra Unidade de Actividade Económica Local da mesma unidade institucional, excluídos os activos fixos
- B) Os gastos dos empregadores considerados soldos e salarios en especie
- C) Os servizos colectivos subministrados por unidades das Administracións públicas a produtores de mercado ou a produtores para uso final propio
- D) A adquisición de vivenda por parte de produtores residentes

16 Se unha Administración pública proporciona a un fogar de forma gratuíta una cadeira de rodas

- A) É un gasto en consumo final das Administracións públicas e un consumo final efectivo do sector fogares
- B) É un gasto en consumo final do sector fogares e un consumo final efectivo do sector Administracións públicas
- C) É un gasto en consumo final do sector fogares e tamén un consumo final efectivo do sector fogares
- D) É un gasto en consumo final do sector Administracións públicas e tamén un consumo final efectivo do sector Administracións públicas

17 Os datos da conta de bens e servizos dunha economía son os seguintes:

Recursos	Empregos
Produción: 108	Consumos intermedios: 57
Importacións: 30	Gasto en consumo final: 47
Impostos netos sobre os produtos: 5	Formación bruta de capital: 10
	Exportacións: 29

- A) O Produto Interior Bruto calcularíase baixo o enfoque da produción e é igual a 51, isto é, a diferenza entre produción e consumos intermedios
- B) O Produto Interior Bruto é igual a 56. Desde o enfoque da produción como a diferenza entre produción e consumos intermedios, máis os impostos netos sobre os produtos. Desde a perspectiva da demanda como suma dos empregos finais das unidades residentes máis as exportacións e menos as importacións
- C) O Produto Interior Bruto é o equivalente ao total de recursos da economía: 143 unidades. Tamén se pode calcular como total de empregos da economía. No primeiro caso falamos do enfoque da produción e no segundo caso do enfoque do gasto
- D) Non se pode calcular o Produto Interior Bruto cos datos dunha Conta de Bens e Servizos

18 Temos a seguinte información de determinadas operacións ou agregados incluídos nas Contas de produción e explotación dunha determinada rama de actividade.

- **Excedente de explotación (inclúe renda mixta): 22 unidades monetarias (u.m.)**
- **Consumos intermedios: 60 u.m.**
- **Remuneración dos asalariados: 18 u.m.**
- **Esta rama non pagou impostos nin recibiu subvencións**

¿Cal foi a produción e o valor engadido bruto desta rama?

- A) Produción 78 u.m. ; Valor engadido bruto: 18 u.m.
- B) Produción 100 u.m. ; Valor engadido bruto: 40 u.m.
- C) Produción 100 u.m.; Valor engadido bruto: 22 u.m.
- D) Produción 82 u.m.; Valor engadido bruto: 40 u.m.

19 Na táboa de orixe a prezos básicos inclúese unha transformación a prezos de adquisición, na que se inclúe unha reasignación das marxes comerciais. Na dita reasignación hai que destacar que:

- A) O total da columna das marxes comerciais é nulo, xa que se produce unha reasignación que consiste en asignar as marxes comerciais ao produto que sofre a dita marxe e eliminalo do produto comercial
- B) A diferenza entre a oferta a prezos básicos e os empregos a prezos de adquisición radica exclusivamente na reasignación das marxes comerciais
- C) No total da columna das marxes comerciais teremos as marxes comerciais totais xeradas na economía
- D) No total da columna das marxes comerciais teremos as marxes comerciais totais xeradas na economía, pero con signo negativo, froito da reasignación

20 Sinala a afirmación incorrecta:

- A) Para coñecer qué produtos produce unha rama de actividade dunha economía debemos consultar a táboa de orixe
- B) Para coñecer cales son os principais produtos consumidos polos fogares debemos consultar a táboa de destino
- C) Para coñecer cales son os principais produtos importados debemos consultar a táboa de destino
- D) Para coñecer sobre qué produtos recaen impostos como o IVE ou outros impostos sobre os produtos debemos consultar a táboa de orixe

21 A división sistemática da variación dos valores correntes nas súas compoñentes "variación de prezo" e "variación de volume" limítase, segundo o SEC, a aqueles fluxos correspondentes a:

- A) Operacións rexistradas nas Contas de bens e servizos e nas Contas de produción, xa sexa por rama de actividade ou para o total da economía
- B) Operacións rexistradas nas Contas de bens e servizos e para agregados como o aforro neto, a renda bruta dispoñible ou o produto interior bruto
- C) Operacións rexistradas nas Contas de produción da economía, é dicir, produción e consumos intermedios, por rama de actividade ou para o total da economía
- D) Operacións rexistradas nas Contas de bens e servizos e nas Contas de produción, pero só para o total da economía

22 No contexto das Contas rexionais e segundo o Sistema Europeo de Contas, os métodos de rexionalización son:

- A) Ascendentes, descendentes e mixtos (combinación dos anteriores). O método ascendente de estimación consiste en distribuír a cifra nacional entre rexións sen individualizala, ou diferenciar as unidades residentes por rexión
- B) Directos, indirectos e mixtos (combinación dos anteriores). O método directo de estimación consiste en distribuír a cifra nacional entre rexións sen individualizala, ou diferenciar as unidades residentes por rexión
- C) Ascendentes, descendentes e mixtos (combinación dos anteriores). O método descendente de estimación consiste en distribuír a cifra nacional entre rexións sen individualizala, ou diferenciar as unidades residentes por rexión
- D) Ascendentes, descendentes e mixtos (combinación dos anteriores). O método descendente de estimación consiste en obter datos directamente das unidades da rexión e ir agregando hasta establecer o valor rexional do agregado económico

23 ¿Como se define a elasticidade-renda da demanda?

- A) A variación porcentual da cantidade demandada dun ben cando a renda aumenta unha unidade monetaria
- B) O número de unidades que aumenta a cantidade demandada dun ben cando a renda aumenta unha unidade monetaria
- C) A variación porcentual da cantidade demandada dun ben cando a renda aumenta un 1%
- D) O número de unidades que aumenta a cantidade demandada dun ben cando a renda aumenta un 1%

24 Dous bens son complementarios perfectos cando

- A) A súa relación marxinal de substitución (RMS) é unha constante
- B) A súa relación marxinal de substitución (RMS) é infinita
- C) A súa relación marxinal de substitución (RMS) é cero
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

25 Que é a curva de Engel?

- A) A curva que relaciona a cantidade ofertada dun ben e a renda
- B) A curva que relaciona a cantidade ofertada dun ben e o prezo
- C) A curva que relaciona a cantidade consumida dun ben e a renda
- D) A curva que relaciona a cantidade consumida dun ben e o prezo

26 A prima de risco defínese como

- A) A cantidade máxima de diñeiro que está disposta a pagar unha persoa renuente ao risco para evitalo
- B) O risco adicional no que debe incurrir un investidor para obter un rendemento esperado máis alto
- C) A cantidade máxima de diñeiro que está disposta a pagar unha persoa amante do risco para conseguilo
- D) A cantidade mínima de diñeiro que está disposta a pagar unha persoa amante do risco para conseguilo

27 ¿Como se define a relación marxinal de substitución técnica (RMST)?

- A) A cantidade que pode reducirse dun dos factores cando se utiliza unha unidade máis doutro, polo que a produción permanece constante
- B) A cantidade que debe intercambiarse dos factores de produción para que a produción aumente unha unidade
- C) A cantidade que debe intercambiarse dos factores de produción para que a produción diminúa unha unidade
- D) A cantidade que aumenta a produción cando un dos factores aumenta unha unidade e outro diminúe unha unidade

28 Na recta de isocoste represéntanse

- A) Todas as combinacións posibles de traballo e capital que poden comprarse cun custo total dado
- B) Todas as combinacións posibles de traballo e capital que poden comprarse cun custo marxinal dado
- C) Todas as combinacións posibles de traballo e capital que poden comprarse cun custo fixo dado
- D) Todas os custos posibles para cada combinación de traballo e capital

29 Sinale a resposta correcta

- A) Os custos fixos medios non varían aínda que o faga o nivel de produción
- B) Unha empresa que ten rendementos a escala crecentes a longo prazo, tamén ten unha curva de custo medio crecente
- C) No curto prazo, se a produtividade marginal é igual a cero, o custo medio variable é sempre igual ao custo medio total
- D) A curva de custo medio a longo prazo indica o custo unitario medio de xerar calquera nivel de produción

30 Sinalar cal das seguintes afirmacións é certa nun mercado de competencia perfecta

- A) Un equilibrio a curto prazo sempre orixina un equilibrio a longo prazo
- B) Existe equilibrio a curto prazo cando o custo marginal a curto prazo é igual ao ingreso marginal
- C) Unha situación de equilibrio a longo prazo non sempre orixina un equilibrio a curto prazo
- D) Existe equilibrio a curto prazo cando o custo marginal a curto prazo é inferior ao ingreso marginal

31 Sinale a resposta correcta: nun mercado de monopolio puro, ¿cando alcanza o monopolista a maximización do beneficio?

- A) Cando o custo total é mínimo
- B) Cando o ingreso total é máximo
- C) Cando o prezo é o máis alto
- D) Cando as curvas de ingreso total e de custo total son paralelas

32 Sinale a resposta correcta

- A) No equilibrio de Nash cada empresa obtén o mellor resultado posible sen ter en conta as accións das súas competidoras
- B) As empresas obterían máis beneficios practicando a colusión e acordando subir os prezos, pero a lexislación antimonopolio tenta limitar estas prácticas
- C) Nun cártel os produtores coluden explicitamente fixando os prezos pero non os niveis de produción
- D) Un xogo cooperativo é aquel no que non é posible negociar e facer cumprir un contrato vinculante entre xogadores

33 Sinale a resposta correcta

- A) Os dereitos de propiedade son normas legais que indican que poden facer as persoas ou empresas coa súa propiedade
- B) O beneficio externo marginal é a suma do beneficio privado marginal máis o beneficio social marginal
- C) Un ben público é aquel de cuxo consumo non é posible excluír a ningunha persoa e cuxo custo marginal de provisión dun consumidor máis é maior que cero
- D) Un ben público debe ser sempre excluínte ou rival

34 ¿Cal dos seguintes feitos incrementaría o paro friccional?

- A) Un desprazamento sectorial provocado pola invención dun novo produto que substitúe outro
- B) Unha maior información sobre candidatos e vacantes no mercado de traballo
- C) Unha redución no seguro de desemprego
- D) Ningunha das anteriores

35 Cando aumenta a taxa de crecemento do diñeiro, segundo o efecto de Fisher,

- A) o tipo de xuro real e o tipo de xuro nominal permanecen inalterados
- B) o tipo de xuro real e o tipo de xuro nominal baixarán
- C) o tipo de xuro real e o tipo de xuro nominal subirán
- D) ningunha das anteriores

36 Se se reduce o crecemento monetario de forma inesperada:

- A) A inflación será máis baixa e a riqueza redistribuirase dos prestamistas aos prestameiros
- B) A inflación será máis baixa e a riqueza redistribuirase dos prestameiros aos prestamistas
- C) A inflación será máis alta e a riqueza redistribuirase dos prestamistas aos prestameiros
- D) A inflación será máis alta e a riqueza redistribuirase dos prestameiros aos prestamistas

37 Que faría apreciar o tipo de cambio real da moeda dun país?

- A) O goberno fixa cotas á importación
- B) Saída de capitais do país
- C) O goberno incrementa o superávit presupostario
- D) Ningunha das anteriores

38 Durante as recesións os estabilizadores automáticos fan que o presuposto do goberno se encamiñe

- A) ao equilibrio
- B) ao déficit
- C) ao superávit
- D) ningunha dos anteriores

39 Un cambio nas expectativas de prezos desprazará

- A) a curva de oferta agregada a longo prazo, pero non a curto prazo
- B) nin a curva de oferta agregada a curto prazo nin a longo prazo
- C) a curva de oferta agregada a curto prazo e longo prazo
- D) a curva de oferta agregada a curto prazo, pero non a longo prazo

40 No modelo de Mundell-Fleming dunha pequena economía aberta con tipos de cambio fixos, unha depreciación

- A) aumenta as exportacións netas e a renda agregada
- B) reduce as exportacións netas e a renda agregada
- C) non modifica nin as exportacións netas, nin a renda agregada
- D) aumenta as exportacións netas, pero non modifica a renda agregada

41 Os custos de reducir a inflación a curto prazo

- A) son menores cando as expectativas son adaptativas
- B) son menores cando as expectativas son racionais e a política de deflación é crible
- C) son iguais cando as expectativas son adaptativas que cando son racionais
- D) non depende en ningún caso da credibilidade das políticas de deflación

42 Que autor distingue na súa teoría sobre o consumo entre renda permanente e renda transitoria?

- A) J. M. Keynes
- B) I. Fisher
- C) F. Modigliani
- D) M. Friedman

43 Que modelo predí que o investimento en existencias das empresas é proporcional ás variacións da produción?

- A) Modelo do alisamento da produción
- B) Modelo neoclásico do investimento
- C) Modelo do acelerador
- D) Ningún dos anteriores

44 Segundo o modelo de xestión de efectivo de Baumol-Tobin, un individuo ten máis diñeiro se

- A) o custo de ir ao banco é maior, o nivel de gasto é maior e o tipo de xuro é máis alto
- B) o custo de ir ao banco é menor, o nivel de gasto é menor e o tipo de xuro é máis baixo
- C) o custo de ir ao banco é menor, o nivel de gasto é maior e o tipo de xuro é máis baixo
- D) o custo de ir ao banco é maior, o nivel de gasto é maior e o tipo de xuro é máis baixo

45 ¿Cal é o principal indicador para coñecer a converxencia de Galicia con España e coa Unión Europea (indicador que ten repercusión na formulación da política rexional da Unión Europea)?

- A) A Renda Bruta Dispoñible dos Fogares medida en paridades de poder de compra
- B) O Produto Interior Bruto medido en paridades de poder de compra
- C) O Produto Interior Bruto por habitante medido en paridades de poder de compra
- D) O Produto Interior Neto por habitante medido en paridades de poder de compra

46 Os gastos que habitualmente nos encontraremos nos orzamentos públicos poden clasificarse atendendo a unha tripla clasificación:

- A) Orgánica, funcional e rexional
- B) Orgánica, por programas e económica
- C) Orgánica, rexional e económica
- D) Todas as afirmacións anteriores son incorrectas

47 A presión fiscal:

- A) É o indicador económico que relaciona o volume anual de recursos tributarios ou fiscais dun país coa renda xerada no proceso produtivo durante ese mesmo período, medida esta última polo PIB a prezos correntes
- B) É o indicador económico que relaciona o volume anual de gastos orzamentarios dun país coa renda xerada no proceso produtivo durante ese mesmo período, medida esta última polo PIB a prezos correntes
- C) É o indicador económico que relaciona a débeda pública dun país coa renda xerada no proceso produtivo durante ese mesmo período, medida esta última polo PIB a prezos correntes
- D) É o indicador económico que relaciona o déficit público dun país coa renda xerada no proceso produtivo durante ese mesmo período, medida esta última polo PIB a prezos correntes

48 Sinale a afirmación incorrecta ao respecto da inserción comercial de Galicia

- A) Con respecto aos países da Organización de Países Exportadores de Petróleo (OPEP) Galicia presenta saldo comercial positivo, é dicir, as exportacións superan ás importacións, cando menos desde o ano 2000
- B) Con respecto aos países da Organización de Países Exportadores de Petróleo (OPEP) Galicia presenta saldo comercial negativo, é dicir, as importacións superan ás exportacións, cando menos desde o ano 2000
- C) Francia e Portugal son os principais destinos das exportacións de bens de Galicia, cando menos desde o ano 2000
- D) As elevadas exportacións de material de transporte e en concreto de vehículos automóbiles é un dos trazos das vendas no exterior da economía galega

49 Sinale a afirmación correcta:

- A) O Fondo Monetario Internacional (FMI) supervisa o sistema monetario internacional pero non realiza un seguimento ás políticas económicas e financeiras dos seus membros, xa que é competencia interna de cada banco nacional
- B) O Fondo Monetario Internacional (FMI) supervisa o sistema monetario internacional e realiza un seguimento ás políticas económicas e financeiras dos seus membros, actividade coñecida como supervisión
- C) O Fondo Monetario Internacional (FMI) é unha organización multilateral, inserta no sistema da Organización para la Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) que se dedica ao seguimento e avaliación das políticas de desenvolvemento dos países integrantes
- D) O Fondo Monetario Internacional (FMI) concede préstamos con baixo interese, créditos sen intereses e doazóns aos países en desenvolvemento que apoian unha ampla gama de investimentos en educación, saúde, administración pública, infraestrutura, etc

50 No modelo linear xeral, se a perturbación aleatoria segue unha distribución normal, o estimador de máxima verosimellanza de

- A) os coeficientes das variables explicativas e o da varianza da perturbación aleatoria son inesgados
- B) os coeficientes das variables explicativas é inesgado, e o da varianza da perturbación aleatoria nesgado
- C) os coeficientes das variables explicativas é nesgado, e o da varianza da perturbación aleatoria inesgado
- D) os coeficientes das variables explicativas e o da varianza da perturbación aleatoria son nesgados

51 No modelo linear xeral ao incluír variables irrelevantes, o estimador mínimo cuadrático ordinario dos coeficientes das variables explicativas é

- A) nesgado e, na práctica, case sempre con maior varianza que o do modelo verdadeiro
- B) nesgado pero sempre con igual varianza que o do modelo verdadeiro
- C) inesgado e, na práctica, case sempre con maior varianza que o do modelo verdadeiro
- D) inesgado e sempre con igual varianza que o do modelo verdadeiro

52 Estimamos un modelo linear con T observacións de series temporais. Deseguido utilizamos o modelo econométrico para predicir a variable endóxena n períodos inmediatamente posteriores a T. Como defínese o estatístico U de Theil para avaliar a capacidade predictiva do modelo econométrico?

- A) $\sqrt{\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n (\hat{y}_{T+i} - y_{T+i})^2}$
- B) $\frac{1}{n} \sum_{i=1}^n (\hat{y}_{T+i} - y_{T+i})^2$
- C) $\sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (\hat{y}_{T+i} - y_{T+i})^2}{\sum_{i=1}^n y_{T+i}^2}}$
- D) $\frac{\sum_{i=1}^n (\hat{y}_{T+i} - y_{T+i})^2}{\sum_{i=1}^n y_{T+i}^2}$

53 No modelo linear con perturbacións non esféricas, o estimador de mínimos cadrados ordinario dos coeficientes das variables explicativas do modelo

- A) é nesgado
- B) é inesgado e de mínima varianza entre os estimadores lineares e inesgados
- C) é inesgado, pero non de mínima varianza entre os estimadores lineares e inesgados
- D) non se pode calcular

54 Cal destes contrastes permite detectar a heterocedasticidade?

- A) Breusch-Godfrey
- B) Glejser
- C) Durbin-Watson
- D) Ningún dos anteriores

55 Que autor propuxo un estimador consistente da matriz de covarianzas do estimador de mínimos cadrados ordinario empregando os residuos cando o modelo presenta heterocedasticidade?

- A) Pagan
- B) White
- C) Breusch
- D) Glejser

56 Dado o modelo $y_t = \alpha_0 + \alpha_1 g(x_t) + \varepsilon_t$, onde g representa unha transformación da familia Box-Cox. Que modelo non poderíamos obter?

- A) $y_t = \beta_0 + \beta_1 x_t + \varepsilon_t$
- B) $y_t = \beta_0 + \beta_1 \ln x_t + \varepsilon_t$
- C) $y_t = \beta_0 + \beta_1 \sqrt{x_t} + \varepsilon_t$
- D) $y_t = \beta_0 + \beta_1 e^{x_t} + \varepsilon_t$

57 No modelo logit como se representa a probabilidade de que a variable endóxena tome o valor 1, $P(Y_i=1)$?

- A) $\frac{e^{x_i' \beta}}{1 + e^{x_i' \beta}}$
- B) $\frac{e^{x_i' \beta}}{(1 + e^{x_i' \beta})^2}$
- C) $\frac{1}{(1 + e^{x_i' \beta})^2}$
- D) $\frac{1}{1 + e^{x_i' \beta}}$

58 Dado o modelo $y_t = \beta_1 + \beta_2 y_{t-1} + \beta_3 x_t + \varepsilon_t$, onde $|\beta_2| < 1$. Cal das seguintes afirmacións non é certa?

- A) Se a perturbación aleatoria presenta autocorrelación, os estimadores de MCO dos coeficientes son negados pero consistentes
- B) Se a perturbación aleatoria presenta autocorrelación, os estimadores de VI (variables instrumentais) poden obter estimacións consistentes
- C) Se a perturbación aleatoria é un ruído branco, os estimadores MCO son consistentes
- D) Se a perturbación aleatoria presenta autocorrelación, os estimadores de MCO non son consistentes

59 Cal é a media do seguinte modelo de series temporais?

$$y_t = 0,4 + 0,5y_{t-1} + \varepsilon_t - 0,3\varepsilon_{t-1}$$

ε_t é ruído branco

- A) 0,5
- B) 0,4
- C) 0,0
- D) 0,8

60 Que afirmación non é certa respecto ao proceso paseo aleatorio?

- A) É un proceso estacionario
- B) É un proceso autorregresivo
- C) Os coeficientes de su función de autocorrelación simple decrecen moi lentamente
- D) A súa diferenza de orde 1 é un proceso ruído branco

61 Dado o proceso $y_t = \delta + \varepsilon_t - \vartheta_1 \varepsilon_{t-1} - \vartheta_2 \varepsilon_{t-2}$, onde ε_t é ruído branco e δ é unha constante, entón:

- A) Só é estacionario se o módulo das raíces do polinomio de medias móbiles $\vartheta_2(L)$ está fóra do círculo unidade
- B) A súa función de autocorrelación parcial anúlase a partir do retardo 3
- C) A súa función de autocorrelación simple anúlase a partir do retardo 3
- D) É un ARMA(1,2)

62 Como actuarías cunha serie que procede dun proceso non estacionario en varianza?

- A) Diferenciala unha vez
- B) Diferenciala dúas veces
- C) Aplicar unha transformación da familia Box-Cox
- D) Ningunha das anteriores

63 Para cal dos seguintes procesos se anula a función de predición a partir do terceiro período no futuro? $Y_T(l)=0$; $l=3,4, \dots$

- A) $y_t = \varepsilon_t - \vartheta_1 \varepsilon_{t-1} - \vartheta_2 \varepsilon_{t-2}$
- B) $y_t = \phi_1 y_{t-1} + \phi_2 y_{t-2} + \varepsilon_{t-1}$
- C) $y_t = \phi_1 y_{t-1} + \varepsilon_t - \vartheta_1 \varepsilon_{t-1}$
- D) Ningún dos anteriores

64 ¿Cando se cumpre $P(A \cap \bar{B}) = P(A) * P(\bar{B})$?

- A) Se A e B son dous sucesos calquera
- B) Se A e B son dous sucesos independentes
- C) Se A e B son dous sucesos disxuntos ou incompatibles
- D) Nunca pode suceder

65 Sexan A e B dous sucesos correspondentes a un experimento aleatorio, tales que $A \cup B = E$; $P(A)=0,8$; $P(B)=0,5$ (con E o espazo muestral), entón:

- A) $P(\bar{A} \cup \bar{B}) = 0,5$
- B) $P(\bar{A} \cup \bar{B}) = 0,7$
- C) $P(\bar{A} \cup \bar{B}) = 0,8$
- D) $P(\bar{A} \cup \bar{B}) = 0,3$

66 Unha empresa ten fábricas en A Coruña e Vigo. Na fábrica da Coruña, que produce o 40% da produción total, dáse un índice de defectuosas do 10%; na fábrica de Vigo a proporción de defectuosas é do 20%. Elíxese unha peza ao azar e resulta ser defectuosa, entón:

- A) É mais probable que se produxera en Vigo
- B) A probabilidade de que proveña de ambas cidades é a mesma
- C) No é posible saber onde é más probable que se produxera
- D) Es más probable que se produxera en A Coruña

67 A función de distribución dunha variable aleatoria X, F(X), cumpre que:

- A) $F(X) > 0$
- B) $F(x) = P(X = x)$
- C) $F(X) < 1$
- D) É monótona non decreciente

68 Se X é unha variable aleatoria con $E(x) = 3$; $V(x) = 2$, entón se $Y = 2X - 1$ cúmprese que:

- A) $E(y) = 5$; $V(y) = 7$
- B) $E(y) = 5$; $V(y) = 16$
- C) $E(y) = 5$; $V(y) = 15$
- D) $E(y) = 5$; $V(y) = 8$

69 A función xeratriz de momentos (G) dunha variable aleatoria X cumpre que:

- A) Permite obter sempre todos os momentos de X
- B) Sempre existe
- C) Defínese como $G(t) = E(e^{tX})$
- D) Só permite obter os momentos no caso de que as variables aleatorias sexan discretas

70 Nunha distribución bidimensional obtivéronse os resultados seguintes:

$$S_x^2 = 9 \ ; \ S_y^2 = 25 \ ; \ S_{xy} = 20$$

- A) Só pode suceder cando as variables teñen correlación lineal perfecta
- B) Só pode suceder cando as variables están incorrelacionadas
- C) Estes resultados non poden darse conxuntamente
- D) Cúmprese sempre

71 A función xeratriz da distribución binomial de parámetros n e p, B(n,p) é:

- A) $P(t) = pe^t + q$
- B) $P(t) = (pe^t + q)^n$
- C) $P(t) = (p + qe^t)^n$
- D) $P(t) = p + qe^t$

72 Se X é unha variable aleatoria con distribución normal cuxa esperanza e varianza son, respectivamente, $\mu_x = 2$, $\sigma_x^2 = 3$ e tense outra variable $Y = 2X + 1$, entón cúmprese que a esperanza e a varianza de Y son:

- A) $\mu_y = 5$; $\sigma_y^2 = 6$
- B) $\mu_y = 5$; $\sigma_y^2 = 12$
- C) $\mu_y = 5$; $\sigma_y^2 = 7$
- D) $\mu_y = 5$; $\sigma_y^2 = 13$

73 Cal das seguintes afirmacións NON é certa para unha χ_n^2 con $n=2,3,\dots$ graos de liberdade?

- A) É unha distribución asimétrica
- B) A súa esperanza é n e a súa varianza $2n^2$
- C) Obtense sumando n variables aleatorias independentes con distribución χ_1^2
- D) A súa esperanza é n e a súa varianza $2n$

74 ¿Cal das seguintes afirmacións é certa para unha t de Student con $n=1,2,3,\dots$ graos de liberdade (t_n)?

- A) A súa esperanza é $\frac{n}{n-2}$
- B) A súa varianza é n
- C) A súa varianza é $2n$
- D) A súa esperanza é 0

75 ¿Cal das seguintes afirmacións é certa para unha distribución beta de parámetros p e q , con $p,q>0$, $\beta(p,q)$?

- A) A súa esperanza é $\frac{p}{p+q}$
- B) A súa esperanza é $\frac{p}{p*q}$
- C) A súa esperanza é $\frac{1}{p*q}$
- D) A súa esperanza é $\frac{p}{q}$

76 Un estudo realizado sobre os hábitos de lecer dos estudantes dunha residencia universitaria pon de manifesto que o 50% prefiren o cinema, o 30% o futbol e o resto outras actividades. Expresar a probabilidade de que entre un grupo de 10 estudantes seleccionados ao azar, polo menos 3 prefiran o cinema.

- A) $P(X \geq 3) = 1 - \left[\binom{10}{1} * 0,5^9 * 0,5^1 + \binom{10}{2} * 0,5^8 * 0,5^2 \right]$
- B) $P(X \geq 3) = 1 - \left[\binom{10}{0} * 0,5^{10} + \binom{10}{1} * 0,5^9 * 0,5^1 + \binom{10}{2} * 0,5^8 * 0,5^2 + \binom{10}{3} * 0,5^7 * 0,5^3 \right]$
- C) $P(X \geq 3) = 1 - \left[\binom{10}{0} * 0,5^{10} + \binom{10}{1} * 0,5^9 * 0,5^1 + \binom{10}{2} * 0,5^8 * 0,5^2 \right]$
- D) Ningunha das respostas anteriores é certa

77 Sexa (X,Y) unha variable aleatoria con distribución normal bivalente, onde $Var(x) = \sigma_x^2$; $Var(y) = \sigma_y^2$; $covar(x,y) = \rho$. Entón cúmprese que $Var(x/y)$ é igual a

- A) $(1 - \rho^2)\sigma_x^2$
- B) $\rho^2\sigma_x^2$
- C) $(1 - \rho^2)\sigma_y^2$
- D) $\rho^2\sigma_y^2$

78 Se X_1, X_2, \dots, X_n son variables aleatorias independentes con distribución $B(1,p)$, ¿cando $Y = \sum_{i=1}^n X_i$ se distribúe aproximadamente $N(n p ; \sqrt{n p (1-p)})$?

- A) Sempre
- B) Só cando n é suficientemente grande
- C) Só cando n é grande e p é pequena
- D) Nunca

79 No contexto de poboacións normais, a distribución que utilizamos para facer inferencia sobre a media, se a varianza é descoñecida, é

- A) A χ^2 (Chi-cuadrado).
- B) A t de Student.
- C) A F de Fisher-Snedecor.
- D) A Normal.

80 Se X_1, \dots, X_n son variables aleatorias i.i.d. con función de distribución $F(x)$ e $Y = \min(X_1, \dots, X_n)$, a función de distribución de Y ven dada por

- A) É a potencia n-ésima da función de distribución.
- B) É a diferenza entre a unidade e a función de distribución, elevada á potencia n-ésima.
- C) É a unidade menos a función de distribución do máximo.
- D) Ningunha das anteriores.

81 Na mostraxe aleatoria simple, baixo condicións de regularidade, os estimadores de máxima verosimilitude son sempre

- A) Robustos.
- B) Non nesgados.
- C) Asintoticamente eficientes.
- D) Asintoticamente non nesgados pero non necesariamente consistentes.

82 Un estatístico pivote

- A) Ten unha distribución na mostraxe dependente do parámetro a estimar.
- B) Soamente pode empregarse no caso de distribucións na mostraxe simétricas.
- C) É un estimador suficiente do parámetro.
- D) Ningunha das anteriores.

83 Dada unha distribución a priori, o estimador de Bayes

- A) Minimiza a función de perda correspondente á distribución a priori
- B) Minimiza a perda cadrática correspondente á distribución a priori
- C) Minimiza a perda esperada correspondente á distribución a priori
- D) Ningunha das anteriores

84 Para o mesmo problema, dous contrastes A e B teñen a mesma probabilidade de erro tipo I aínda que o contraste A é máis potente que o contraste B, entón

- A) A probabilidade de erro tipo II do contraste A é menor que a de B.
- B) A probabilidade de erro tipo II do contraste A é maior ou igual que a de B.
- C) Nun mesmo problema, non pode darse a situación de que tendo a mesma probabilidade de erro tipo I, un sexa máis potente que o outro.
- D) Ningunha das anteriores.

85 O Lema de Neyman-Pearson proporciona a forma do test de hipóteses máis potente para contrastar

- A) Hipóteses simples.
- B) Hipóteses compostas.
- C) Hipóteses unilaterais.
- D) Hipóteses bilaterais.

86 A homoxeneidade da poboación de r mostrax clasificadas segundo os k niveis doutra característica emprega

- A) A proba chi-cadrado.
- B) A proba U de Mann-Whitney.
- C) A proba de Wald-Wolfowitz.
- D) A proba de Wilcoxon.

87 Nunha anova de dous factores fixos con interacción equilibrado, con I e J niveis e K replicacións en cada clase, os graos de liberdade da suma residual de cadrados da interacción son

- A) $IJ(K-1)$
- B) $(IJ-1)K$
- C) $(I-1)(J-1)$
- D) $IJK-1$

88 A distancia de Mahalanobis

- A) Non emprega a dispersión entre variables.
- B) Nunca coincide coa distancia euclídea.
- C) Segue unha distribución normal multivariante.
- D) Ningunha das anteriores.

89 Se $X=(x_1, \dots, x_n)'$ con x_i independentes e idénticamente distribuídas segundo unha distribución $N_p(\mu, \Sigma)$, entón

- A) $(X-\mu)'(X-\mu)$ segue unha distribución de Wishart $W_p(n, \Sigma)$
- B) $(X-\mu)'\Sigma^{-1}(X-\mu)$ segue unha distribución de Wishart $W_p(n, \mu, \Sigma)$
